Os resultados amosan que, a priori, os estudantes descoñecían a acidificación dos océanos. En ningunha pregunta das propostas no cuestionario inicial de ideas previas identificaron o problema ambiental obxecto da secuencia didáctica que deseñamos. Nas respostas finais dadas polo alumnado no cuestionario final observouse unha maior complexidade e unha maior variedade, o que reflexa a adecuación da proposta para o tratamento didáctico do problema ambiental. En termos xerais, a secuencia didáctica tivo uns resultados satisfactorios xa que ao rematala a meirande parte dos estudantes coñecían o alcance, o impacto e a relevancia do problema ambiental tratado. Dito problema podería ser afrontado na aula cunha perspectiva como a recollida neste traballo.

Como destacan Vilches e Gil (2008), os educadores debemos coñecer e dar a coñecer nas aulas os problemas ambientais e as súas consecuencias a curto, medio e longo prazo co fin de contribuír a formar unha cidadanía responsable, consciente dos riscos aos que nos enfrentamos e preparada para participar na toma fundamentada de decisións. A proposta didáctica deseñada brinda, con certeza, a oportunidade de levalo a cabo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Doney, S., Fabry, V., Feely, R. e Kleypas, J. (2009). Ocean Acidification: The Other CO₂ Problem. *Annual Review of Marine Sciences*, 1: 169-192.
- OCDE (2006). PISA 2006. *Marco de la evaluación: conocimientos y habilidades en Ciencias, Matemáticas y Lectura*. Madrid: Santillana. Ministerio de Educación y Ciencia. Extraído o 20 de maio do 2013 de <http://www.oecd.org>
- Orr, J., Fabry, V., Aumont, O., Bopp, L., Doney, S., Feely, R., Gnanadesikan, A., Gruber, N., Ishida, A., Joos, F., Key, R., Lindsay, K., Maier-Reimer, E., Matear, R., Monfray, P., Mouchet, A., Najjar, R., Plattner, G., Rodgers, K., Sabine, C., Sarmiento, J., Schlitzer, R., Slater, R., Totterdell, I., Weirig, M., Yamanaka, Y. and Yool, A. (2005). Anthropogenic ocean acidification over the twenty-first century and its impact on calcifying organisms. *Nature*, 437 (7059): 681-686.
- Vilches, A. e Gil, D. (2008). La construcción de un futuro sostenible en un planeta en riesgo. *Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales*, 55, 9-19.

SIGUE VIXENTE A NECESIDADE DA DIVULGACIÓN DO MEDIO MARIÑO E A VIDA NOS PORTOS DE PESCA ARTESANAL? A EXPERIENCIA DE “O CANTO DA BALEA”.

PARADA ENCISA, J.M.
PESQUEIRA PORTAS, R.
GARCÍA ALVES, L.
O CANTO DA BALEA, SOC. COOP. GALEGA,
Portocubelo, S/N, Lira, Carnota (A Coruña)

RESUMO

O Canto da Balea é un sociedade cooperativa de recente creación que ten por obxectivo principal a promoción da pesca artesanal sostible a través de catro eixos:

- Comercialización responsable de produtos da pesca artesanal sostible.
- Formación ao público escolar e consumidores en xeral sobre o consumo responsable de produtos da pesca.
- Elaboración, transformación e comercialización de produtos da pesca empregando técnicas tradicionais.
- Asesoramento en recursos mariños.

O seu establecemento no porto de Lira e o carácter das súas actividades fan que esta cooperativa recolla o testigo dunha tarefa adiantada a principio da década de 2000 pola Confraría de Pescadores de Lira, tocante á divulgación do xeito de vida dos mariñeiros e mariscadoras, a través do coñecido como “turismo mariñeiro”. Do mesmo xeito que aquela iniciativa, o labor de divulgación desta cooperativa inclúe ademais das actividades relacionadas co turismo, as relacionadas coa divulgación entre escolares. Sen embargo, o interese deste cooperativa vai máis alá e inclúe traballos de divulgación do público en xeral e dos consumidores en particular.

Moitas das liñas de traballo en ámbitos tan variados como a investigación ou a promoción de actividades económicas “novedosas”, son receptoras dun apoio institucional, moitas veces encadrado en liñas xerais de actuacións que responden a pulsos marcados polo marco definido polas liñas de financiación. A principios da década de 2000, a Confraría de Pescadores de Lira foi pioneira na implantación en Galicia dunha reserva mariña de interese pesqueiro e na posta en marcha dunha iniciativa de turismo mariñeiro e divulgación escolar. Hoxe en día, este tipo de proxectos, xa moi difundidos por toda a costa, non resultan novedosos e, en moitos casos, perderon o interese do grande público.

Na era de internet e da comunicación, a práctica totalidade da información á que o público pode acceder excede a información que pode recoller nunha visita illada a unha zona para coñecer unha actividade, unha profesión ou un ecosistema concreto. Sendo así, sigue vixente a necesidade da divulgación entre escolares, do medio mariño e da vida nos portos de pesca artesanal?

Na opinión de O Canto da Balea, a pesar da inxente cantidade de información á que o alumnado pode acceder, as reaccións do alumnado que participa nas experiencias das actividades dun porto pesqueiro, dos oficios relacionados coa pesca, ou dos principios físicos, químicos e biolóxicos do medio mariño, no porto de Lira ou nos centros educativos, reflicten un grande interese e un enriquecemento sobre a realidade biolóxica e sociolóxica do litoral galego.

AS CUESTIÓN SOCIALMENTE VIVAS. TERREMOTOS NO DELTA DO EBRO: FENÓMENOS ESPONTÁNEOS OU PROVOCADOS POLA ACCIÓN HUMANA?

PÉREZ MACEIRA, Jorge José
IES Ponte Caldelas, Pontevedra

PUIG, Blanca
Departamento de Didáctica das Ciencias Experimentais, USC

INTRODUCCIÓN

A sucesión de seísmos na zona do Delta do Ebro é un exemplo de “cuestión socialmente viva”. Como sinalou a investigadora brasileira Isabel Martins na súa charla plenaria no último *Congreso Internacional sobre Investigación en Didáctica de las Ciencias* estas cuestións están relacionadas co “coñecemento público” da ciencia, polo que cómpre abordalas na aula. Os seísmos no Delta do Ebro constitúen un problema que require a toma de decisións e a adopción de medidas urxentes. Os medios de comunicación presentaron explicacións alternativas sobre a causa dos seísmos, sinalando entre outras a unha posible relación causal entre a inxección de gas no xacemento petrolífero e os tremores. Suxerimos traballar este tema na aula de ciencias mediante a realización dunha actividade “auténtica” centrada na análise de informacións científicas para explicar a causa dos terremotos. O traballo pretende contribuír ao desenvolvemento de competencias de argumentación e uso de probas en xeoloxía, en particular na resolución dunha controversia real polo alumnado.

OS TERREMOTOS NA INVESTIGACIÓN EN DIDÁCTICA E NO MARCO CURRICULAR

Os terremotos son fenómenos naturais frecuentes en moitas zonas da terra como as marxes continentais do pacífico ou a zona de Anatolia – Oriente Medio; afectando a países como Xapón, Estados Unidos, China, Turquía, entre outros, que en moitas ocasións teñen efectos catastróficos tanto a nivel da poboación como no medio ambiente. Estes países presentan numerosas publicacións relacionadas coas medidas de seguridade nos centros educativos, os efectos dos terremotos entre os escolares, e guías didácticas para traballar este e outros desastres naturais na aula. Menos numerosos son os traballos internacionais que se centran en investigar as ideas do alumnado acerca dos terremotos (Simsek, 2007; Ting-Kuang et al., 2012; Hubenthal, Larry, e Taber, 2008, entre outros), e non se localizaron traballos sobre uso de probas neste tema.

A sismicidade en España e no noso entorno recibe un escaso tratamento (Alfaro, 2008), malia ser un fenómeno frecuente, e non un feito excepcional (Domènech Casal e Díaz Cusi, 2012).

Pedrinaci propón distintas tarefas sobre terremotos (2010; 2012), e suxire traballar na aula as catástrofes naturais en relación ao desenvolvemento sustentable. Alfaro presenta recursos para axudar ao profesorado a contextualizar os contidos teóricos sobre os terremotos que aparecen no currículo.

No currículo de ciencias de secundaria, a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 4º de ESO, presenta varios apartados sobre a manifestación da enerxía interna da Terra, tanto a través dos terremotos asociados aos límites entre placas, como comenta Alfaro: terremotos asociados a fallas situadas nos límites entre placas, como a través dos terremotos ocasionados polos volcáns. Neste apartado inclúense tamén os efectos da enerxía interna da terra sobre as rochas e os estratos, como as fallas e as pregas, que tamén poden producir terremotos. De acordo á proposta de Alfaro (2008) sobre como abordar os terremotos na aula: a) partir da sismicidade local ou rexional para chegar á global; b) partir da perspectiva global para chegar á local, este traballo escolle a primeira opción. Entedemos que os terremotos do Delta do Ebro son un problema familiar para o alumnado pola repercusión mediática que tiveron, e que poden favorecer o seu interese por aprender acerca dos fenómenos sísmicos.

METODOLOXÍA

A actividade realizouse en dúas sesións cun grupo de 18 estudantes de 4º de ESO na materia de Bioloxía e Xeoloxía. A tarefa require aplicar coñecementos de xeoloxía relacionados coa tectónica de placas e a dinámica interna da terra para explicar a causa dos sucesivos terremotos no Delta do Ebro; e entender como a actividade humana pode inducir un fenómeno sísmico (sismicidade inducida).

Divídese en dúas partes: a primeira inclúe tres preguntas para explorar as ideas do alumnado sobre os terremotos, e a segunda presenta a polémica dos seísmos e catro explicacións alternativas sobre a causa dos mesmos que circulan nos medios. O alumnado ten que elixir a explicación que lles resulte máis convincente, e elaborar un informe xustificado en base a ás informacións proporcionadas. A tarefa require tamén analizar os argumentos de cinco persoas de distinto ámbito social, expertos e non expertas en seísmos, e identificar as causas que sinalan acerca dos seísmos.

O alumnado traballou en pequeno grupo co obxectivo de promover o debate e o intercambio de argumentos. Os datos recollidos inclúen os informes escritos, e as gravacións en vídeo e audio dos grupos. O profesor introduciu a actividade á clase, e o seu papel no desenvolvemento da mesma foi o de guía ou mediador no debate, procurando promover o diálogo nos distintos grupos.

A metodoloxía empregada forma parte da análise do discurso (Gee, 2011). As respostas escritas do alumnado codifícanse atendendo á natureza das xustificacións proporcionadas, e ao uso de probas na construción de argumentos.

RESULTADOS

A análise das respostas escritas da primeira parte da tarefa mostra que todos os estudantes entenden os terremotos como fenómenos frecuentes, sinalando os límites de placas como zonas máis susceptibles. Respecto ao informe escrito, dous dos catro grupos elixen como causa dos seísmos do Delta unha combinación entre causas naturais (tectónica e fallas) e a inxección de gas de Castor; un grupo elixe só á inxección de gas, e un grupo discrepa, sinalando tres dos catros estudantes a elevación do mediterráneo como causa natural, e un estudante a inxección de gas do proxecto Castor.

O alumnado participou activamente no debate e mostrou curiosidade polo tema, malia non coñecer a polémica dos seísmos de antemán. Isto apunta á necesidade de utilizar controversias reais para promover o interese pola xeoloxía entre o alumnado.

AGRADECEMENTOS

Ao proxecto EDU2012-38022-C02-01, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade, do que este traballo forma parte.

BIBLIOGRAFÍA (selección)

- Alfaro, P. (2008): Recursos para un estudio contextualizado de los terremotos. *Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales*, 55, 20-31.
- Domènech Casal e Díaz Cusi (2012). Sacudiendo el aula. Una experiencia sísmica de colaboración entre profesores y divulgadores. *Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales*, 72.
- Martins, I. (2013). La vinculación entre educación científica y sociedad: Las cuestiones socialmente vivas, charla plenaria en el 9º *Congreso Internacional sobre Investigación en Didáctica de las Ciencias*, 10 de Setembro de 2013, Girona.
- Pedrinaci, E. (2010). Catastrófes y sostenibilidad: Algunas ideas para el aula. *Revista Eureka sobre Enseñanza y Divulgación de las Ciencias*, nº extraordinario, 374-387.

TOPOLOXÍA CULTURAL DA PIRÁMIDE (ECOLÓXICA)

PÉREZ PINTOS, Rodrigo

As pirámides ecolóxicas, formas especialmente abstractas de representar a estrutura dos ecosistemas en base ós fluxos de enerxía e materia entre diferentes niveis tróficos no decorrer das cadeas alimentarias, propostas orixinalmente por Charles Elton na súa obra “*Animal Ecology*” (1927) e reformuladas logo por Raimond Lindeman no seu artigo de 1942 “*The Trophic-Dynamic Aspects of Ecology*”, son construtos mentais ampiamente utilizados - nas súas diferentes variantes de pirámide de números, pirámides de biomasa e pirámides de enerxía - como metáforas visuais nos libros de texto de ciencias da natureza na educación secundaria e bacharelato.

Pirámides son así mesmo utilizadas, dun xeito case que preceptivo, nos libros de texto de ciencias sociais das mesmas etapas educativas, para visualizar a estratificación social xerarquizada en sociedades moi separadas no tempo e no espazo (Antigo Exipto, Roma, sociedade feudal europea, aztecas, antigos maias, Antigo Rexime,...), mesmo que careceran dos edificios coñecidos como pirámides.

As pirámides son tamén construcións monumentais con forma piramidal, normalmente de base cuadrangular, que xurdiron en distintas civilizacións sen contacto entre si. Asíse habitualmente que esta coincidencia na forma é resultado do feito de que dende un punto de vista meramente estrutural ou construtivo, a forma piramidal é un resultado case que inevitable do sinxelo desexo de gañar altura unido ás limitacións construtivas e tecnolóxicas das sociedades que as ergueron.

É habitual cando se analizan estes monumentos de América Central e do Exipto (pero tamén as Huacas da zona andina, os zigurats mesopotámicos, as pirámides truncadas chinesas, os grandes túmulos norteamericanos...), considerar evidente que non son susceptibles de ningunha afiliación discernible. Non só os métodos de construción, materiais empregados, localizacións relativas, deseño e funcións son substancialmente distintos, senón que estes monumentos están separados temporalmente por varios milenios e espacialmente por milleiros de quilómetros. E, non obstante, é tamén habitual consideralos en conxunto en función da súa xeometría, recoñecendo que a forma é case que a única similitude entre estas manifestacións arquitectónicas.

A Topoloxía é a póla das matemáticas que trata especialmente da continuidade e doutros conceptos máis xerais orixinados dela, como as propiedades das figuras con independencia do seu tamaño e forma. Conceptualmente, a topoloxía é o estudio da continuidade. Mentres que a xeometría

preocúpase polas propiedades cuantitativas das estruturas xeométricas, tales como lonxitudes, graos e áreas, a topoloxía ocúpase das súas propiedades cualitativas. Interésase só nas propiedades permanentes ou intrínsecas das figuras.

Jorge Wagensberg, no libro “A rebelión das formas” (2004), escribe:

“A intelixibilidade dunha propiedade inerte, natural ou artificial dun obxecto ten que ver coa frecuencia coa que tal propiedade se observa no respectivo mundo inerte, vivo ou intelixente. Cantos máis obxectos non sospeitosos de estaren relacionados entre si exhiban unha esencia común, maior é a probabilidade de comprender esa esencia común. Dito doutro xeito, esa esencia común é xustamente, a súa intelixibilidade, a función (...) A intelixibilidade é a mínima expresión do máximo compartido”.

Toda abstracción fabrica intelixibilidade. Canto máis sofisticado medra un sistema de crenzas e a súa estrutura de poder asociada se volve menos comprensible para a xente - e polo tanto máis susceptible de ser cuestionada-, faise máis necesaria por parte do poder unha simboloxía integrada e intelixible que xustifique a súa autorreproducción social.

A pirámide, como símbolo, integra nunha superestrutura, á vez arquitectónica e ideolóxica (no sentido da superestrutura marxista, a pesar do evidente anacronismo: *as ideas, cosmoloxía, ideoloxía que engraxan as rodas do traballo e a produción mediante a ocultación ás masas do feito de que, na realidade, están sendo explotadas*), a expresión dunha sociedade xerárquica estratificada, lexitimada a traveso do contacto (restrinxido a unha élite) cos deuses/sagrado, e sancionado polos antepasados (mortos poderosos) e a continuidade (consanguínea ou xenética, cultural, cósmica,...).

A pirámide integra Cosmoloxía (Cosmos estruturado en tres niveis básicos –mundo celeste, mundo da vida cotiá, inframundo – con posibilidades de interconexión entre eles a traveso dun *axis mundi*, central e vertical. Relación coa recreación dos mitos da creación a traveso de rituais), Xerarquía (restrición de partes do espectro da conciencia a segmentos determinados dunha sociedade - soberano interlocutor cos deuses, casta sacerdotal realizando rituais e sacrificios,... -, sobre a que se xera discriminación social e control. Verticalidade extrema. Estratificación social xerarquizada e lexitimada cada vez que se escenifican rituais asociados a elas), Coñecemento (Técnicas arquitectónicas e tecnoloxía. Transmisión do coñecemento técnico. Coñecemento científico dos ciclos astronómicos manifestado a traveso de hierofanias astronómicas, aliñacións e orientacións astronómicas. Centralización e control dos recursos necesarios para a súa construción. Administración, con aparición de cidades e templos e mantemento destes) e lexitimación (a traveso da creación de liñaxes, dinastías e continuidade mediante o uso simbólico de tumbas. Continuidade mediante “reencarnación” ritual do anterior xerarca no novo ou integración daquel nun panteón celeste/deuses. Incluindo referencias ós ciclos astronómicos, directamente ou a traveso de celebracións estacionais).

A forma xeométrica pura das pirámides encarna, en xeral, a forma social piramidal estrita das sociedades que as construíron.

Robert Proctor, na introdución do seu libro “Racial hygiene: medicine under the nazis”(1988), argumenta que a ciencia moderna ten catro prioridades/funcións interconectadas: educación, produción, control social e apoloxía, sendo esta última a práctica (levada a cabo por científicos) de convencer a xente de que a orde social é a orde natural. “*Se a xente pode ser convencida de que a orde social é unha orde natural, e que a miseria (ou a abundancia) que está ó seu redor*

deriva da vontade de Deus, ou da Natureza, ou de ambos os dous, entón a atención pode ser desviada daquelas partes da orde social que son a auténtica fonte desa miseria (ou abundancia). A idea de que a orde social é natural ou inevitable, fixada pola vontade de Deus ou polas leis da natureza (ou máis recentemente, pola estrutura dos xenes dun) non é nova”

Tendo en conta o anterior, a metáfora visual das pirámides ecolóxicas, non podeá funcionar dalgún xeito como unha especie de *Teodicia dos privilexios*, estar tinxida de ideoloxía máis que de ecoloxía? Podemos darlle unha volta á película “ O Rei León“ de Disney para comprobalo.

WWW.BIODIVERSIDADE.EU, CRIANDO COMUNIDADE À VOLTA DA BIODIVERSIDADE

QUINTELA SABARÍS, Celestino

Instituto de Investigações Agrobiológicas de Galiza (IIAG)-CSIC. Avda. de Vigo s/n, 15706, Compostela.

**Carbajal Villaverde, Roi
Serrano Pérez, Miguel**

Dpto. de Botânica, Fac. de Farmácia, USC.

O ser humano tem criado fronteiras artificiais que delimitam países ou territórios. Porém, a natureza e a biodiversidade não entendem deste tipo de fronteiras, mas respondem a outros factores como o clima, a edafologia, a história geológica ou o tipo de ocupação humana. Conscientes de que a Galiza e o Norte de Portugal constituem uma unidade, no que à biodiversidade se refere, científicos destes territórios puseram em andamento o projecto Biodiversidade Vegetal Ameaçada de Galiza e Norte de Portugal (BIODIV-GNP), financiado pela UE dentro do programa de cooperação territorial POCTEP.

Um dos objectivos principais deste projecto é abrir canais de comunicação transfronteiriça (rompendo uma tendência de comunicação mínima entre os territórios) e transectorial (pondo ao serviço da sociedade toda essa informação sobre biodiversidade que normalmente ficava no âmbito científico ou académico), tendo como meta uma sociedade consciente, preocupada e activa pela conservação da biodiversidade.

Para viabilizar este objectivo, desenvolveu-se o portal web www.biodiversidade.eu (ver figura 1), esta ferramenta dá a possibilidade de empregar as novas tecnologias para dinamizar e articular uma comunidade que permita uma resposta mais ágil e coordenada ante as ameaças que sofre a biodiversidade.

O fundamento do web é colocar ao usuário, individual ou colectivo, na posição de poder recuperar informação, mas também de fazer parte da gestão dessa informação. Com estes objectivos, o seus principais recursos são:

- Um mapa focado no território da Galiza e Norte de Portugal, onde consultar e conhecer a distribuição de espécies, apresentada em função de quadrículas de 10x10 km, 1x1 km, pontos de presença ou polígonos de distribuição. Sobre este mapa também se podem realizar consultas de maneira que, definindo uma determinada área, podemos obter o inventário de espécies presentes.

- Árvore taxonómica onde se podem consultar fichas de diferentes táxones (descrição morfológica, habitat, ameças, conservación...).
- Secções dedicadas ao inventário de ameças e de iniciativas de conservação, rotas e espaços naturais
- Uma secção educativa e formativa, com unidades didácticas e documentação de interesse.

Contudo, o aspecto mais interessante do web é que em todo momento procura evitar que os usuarios sejam entes passivos (simples recetores de informação) mas que possam ter uma participação activa na página, criando observações de espécies, subindo imagens, indicando ameças, marcando rotas de biodiversidade, promovendo iniciativas de conservação, organizando-se em projectos conservacionistas ou partilhando actividades educativas que tenham desenhado. Processo que combina a filosofia participativa com o rigor da informação, estabelecendo protocolos de validação dos que fazem parte expertos nos diversos grupos taxonómicos.

Esta interatividade faz com que o web não seja apenas um visor de informação biológica, mas também um ponto de encontro de diferentes sectores (ciência, educação, movimentos sociais, administração) e a base para uma comunidade transfronteiriça de pessoas amantes da biodiversidade.

Como suporte adicional do web, desenhou-se uma exposição composta por 9 painéis interpretativos que já realizou uma primeira itinerância em vários centros educativos dos nossos territórios.



Figura 1: Captura de écran da capa do web www.biodiversidade.eu

ESTUDIO DE LA EVOLUCIÓN DE ALGUNOS CONCEPTOS BÁSICOS EN GENÉTICA EN LA TRANSICIÓN DE ESO A BACHILLERATO

VÁZQUEZ AGUIAR, María Trinidad

*Mestrado de Educación Secundaria Obligatoria,
Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de
Idiomas. Universidad de Vigo*

El trabajo que se presenta a continuación se desarrolló como trabajo fin del Máster de Educación Secundaria Obligatoria, Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanza de Idiomas de la Universidad de Vigo. Tutorizado por María del Carmen Cid Manzano.

La relevancia de la genética en la sociedad actual, su amplia cobertura mediática, la importancia de las ideas previas en el diseño de estrategias de aprendizaje, la incorporación de esta materia al currículo y las dificultades en el aprendizaje son algunas de las razones que dan origen a este proyecto de investigación didáctica. En él se expone un estudio comparativo de algunas ideas previas del alumnado de 3º de la E.S.O. y 1º de Bachillerato sobre conceptos básicos de Genética. El estudio se complementó con un análisis de los contenidos de Genética que aparecen a lo largo de currículo de la E.S.O. (Decreto 133/2007, de 5 de julio) y las revisiones que, sobre estos conceptos, aparecen en los libros de texto de secundaria utilizados en el momento de realizar la investigación.

El trabajo sobre las ideas previas del alumnado en relación con la Genética se realizó en el I.E.S. Politécnico de Vigo. La muestra utilizada en la investigación está integrada por un total de 75 alumnos de 3º de E.S.O. y 1º de Bachillerato. Estos últimos se agruparon en dos categorías. Los que habían cursado la asignatura optativa de Biología y Geología en 4º de la E.S.O. y los que no cursaron esta materia. Como instrumento de recogida de información y análisis, se entregó a los estudiantes un cuestionario anónimo adaptado de Caballero (2008). El cuestionario final constaba de 11 preguntas, cerradas y abiertas, que estaban relacionadas con distintos conceptos de genética, herencia y reproducción.

La categorización de las respuestas abiertas se hizo a partir de las contestaciones de los estudiantes. Los resultados obtenidos se presentaron en tablas y gráficos en la comunicación completa.

Aunque el tamaño de la muestra estudiada obliga a ser comedido, se extrajeron las siguientes conclusiones:

- Se han detectado carencias importantes a la hora de identificar el material hereditario así como el significado de conceptos básicos en Genética.

- Se confirma la existencia de ideas previas inducidas por afirmaciones populares, como en el caso de que “la herencia reside en la sangre o se transmite por esta”. Otros ejemplos serían la afirmación “la herencia de caracteres o genes que saltan generaciones” o la herencia como mezcla de caracteres.
- Se constatan significativas carencias en el alumnado en lo que se refiere a la reproducción de las plantas y en su transmisión genética, confirmando así mismo, una visión muy antropocéntrica de la Biología. De esta imagen también se hacen eco los libros de texto.
- Las concepciones que tienen los estudiantes sobre conceptos básicos relacionados con genética, reproducción y herencia proceden en su mayor parte de la educación formal o académica que han recibido. Fundamentalmente se ha visto reflejado al contrastar las definiciones aportadas por éstos y las presentes en los libros de texto. Bien es cierto que, tal y como se sostiene en el marco teórico de la investigación, el conocimiento escolar supone a veces la construcción de representaciones que provienen de la interacción entre el conocimiento cotidiano del alumno y los aprendizajes y conceptos escolares.
- Se produce una clara evolución hacia las concepciones científicas en aquellos estudiantes que han recibido formación específica en este tipo de conceptos. También se menciona que, aunque menor, si hay diferencia entre los alumnos de tercer curso de E.S.O. y de primer curso de Bachillerato que no han recibido formación específica. Se atribuye esto a dos posibles causas: aunque no ha sido objeto de estudio en esta investigación el currículo de bachillerato, si es cierto que se presenta como obligatoria la asignatura de Ciencias para el Mundo Contemporáneo. En esta materia, fuertemente conectada con CTS, se ven contenidos relacionados con los temas objeto del estudio. Igualmente, las experiencias vitales de estos alumnos son mayores que los de tercer curso, por lo que si partimos del hecho de que, los conocimientos cotidianos de individuo, no siempre están asociados a concepciones erróneas, puede también ser causa o motivo de estas diferencias.
- El tratamiento que se le da a estos temas a nivel currículo no parece el adecuado si se quiere que nuestros alumnos sean críticos y competentes a la hora de poder hablar o tratar sobre estos temas. Asimismo, y como se ha mencionado anteriormente, en los libros de texto se fomenta la visión antropocéntrica de estos conceptos. La formación de los estudiantes en el conocimiento y el análisis crítico de las principales problemáticas científico-tecnológicas contemporáneas, sus procesos de construcción y sus controversias, es uno de los requisitos fundamentales para posibilitar un mayor protagonismo de toda la sociedad en este campo.

Para finalizar indicar que tal y como está organizado el currículo, habrá estudiantes que nunca recibirán formación específica relacionada con estos temas, puesto que en cuarto curso de E.S.O. esta asignatura es optativa.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CABALLERO, M. (2008). Algunas ideas del alumnado de secundaria sobre conceptos básicos en genética. *Enseñanza de las ciencias*, 26(2), 227-244.

ASTRONOMÍA: RECURSOS PARA O ENSINO DAS CIENCIAS

VEIGA ALONSO, Xosé Dositeo

Dirección de Proxectos

[Altega - Educación e Lecer]

Un repaso somero a materiais, recursos, técnicas e lugares que aproveitan o interese natural dos escolares pola astronomía e o espazo. Entre os materiais, algúns dos recursos web máis interesantes (especialmente en inglés). Programas informáticos como Stellarium (planetario virtual) e Celestia (simulador espacial), dispoñibles en Abalar. Actividades como fabricación dun espectroscopio caseiro, simulación de impactos de meteoritos, elaboración de instrumentos astronómicos, construción dun sistema solar a escala. Colaboración a través de Internet en proxectos de medición da contaminación lumínica como “Globe at Night”. Visita a un observatorio astronómico profesional (Observatorio Ramón María Aller da USC ou Observatorio de Forcarei). Puntos de interese astronómico en Galicia: reloxo solares, petroglifos con aliñacións astronómicas e o albergue dos Biocos.

GARRANOS: OS CABALOS SALVAXES DE GALICIA (VÍDEO-DOCUMENTAL)

BAS LÓPEZ, Santiago

IES Torrente Ballester (Pontevedra)

RESUMEN

Ponencia en vídeo sobre os garranos, os cabalos salvaxes de Galicia.

Na ponencia faise unha breve introducción sobre o manexo e utilidade do vídeo. Manexo da cámara, problemas que se solen presentar ó aire libre, trucos para obter boas imaxes, etc. Así como da súa utilidade no ensino das ciencias ambientais.

Tamén se fan indicacións da utilidade deste vídeo-documental para aclarar ou reforzar conceptos adquiridos teóricamente en bacharelato sobre bioloxía e particularmente en Ciencias da Terra e Medio Ambiente. Concretamente: pirámides e niveis tróficos, formas de relacións (parasitismo, comensalismo, mutualismo, depredación, carroñeo, etc.)

O documental incide particularmente nas relacións depredador-presa entre lobos e garranos (cabalos salvaxes).

A relación milenaria entre ambos, (na que os lobos matan, de promedio, un 30-60% dos potros que nacen) moldeou unha subespecie de cabalo (*Equus ferus atlanticus*) cunhas características moi particulares en canto a morfoloxía, capas, e cunhas pautas de conduta moi peculiares que se poden observar no documental.

A adaptación destes garranos á accidentada paisaxe de Galicia é impresionante. A súa supervivencia como único reducto de cabalos salvaxes no mundo pon en evidencia tamén unha relación mutualista entre besteiros, propietarios dos garranos e os garranos. Non esquezamos que outras poboacións de cabalos salvaxes que non tiñan propietarios foron exterminadas na natureza (cabalos de Przewalski e tarpáns) por cazadores, cuatreiros etc.

O documental durará uns 55 minutos. Ao final pode haber un turno de preguntas ou un pequeno debate.

OBRADOIRO DE STELLARIUM

VEIGA ALONSO, Xosé Dositeo

Dirección de Proxectos

[Altega - Educación e Lecer]

Aprendizaxe do manexo deste planetario virtual. Aprenderemos os conceptos astronómicos básicos de astronomía de posición e como representalos co planetario. A duración do día e da noite ao longo do ano. O diferente ceo nocturno dependendo da latitude. O emprego das estrelas para a orientación. A mitoloxía asociado ás constelacións actuais. O significado do zodíaco e as mentiras do horóscopo. A precesión dos equinoccios.

COMO SELECCIONAR UN MATERIAL PARA A FABRICACIÓN DA ORZA DUN BARCO?

CASTELEIRO NÚÑEZ, Verónica

BLANCO ANAYA, Paloma

GARCÍA-RODEJA GAYOSO, Isabel

*Dpto. Didáctica das Ciencias Experimentais,
Universidade de Santiago de Compostela*

LOURIDO FERNÁNDEZ, Isabel

IES do Sar, Santiago de Compostela

Hoxe en día, o ensino e aprendizaxe das ciencias está orientado cara unha participación máis activa dos estudantes na construción do seu propio coñecemento. Neste contexto, propónse un problema auténtico de laboratorio, xa que é un excelente espazo para favorecer dita construción (Flores, Caballero e Moreira, 2009). A actividade que se propón neste traballo é unha práctica de laboratorio, seguido finalmente dunhas cuestións en relación a dita práctica. Con esta actividade preténdese poñer en acción o coñecemento (Crujeiras e Jiménez Aleixandre, 2012), conseguindo así achegar os fenómenos da natureza ós estudantes, desenvolver competencias e ter a oportunidade de analizar a evolución da aprendizaxe do alumnado.

Polo tanto, a principal finalidade deste traballo é analizar cómo os estudantes resoven un problema auténtico de corrosión de metais. Desta forma o obxectivo é:

- Analizar a capacidade do alumnado para deseñar un experimento dado un problema auténtico. Segundo Caamaño (2011), a contextualización axuda á indagación, converténdose nunha poderosa ferramenta de motivación. A actividade principal parte dun problema auténtico, entendido como aquel no que se presenta unha situación contextualizada máis ou menos complexa da vida real e significativa para o alumnado, por seguir unhas pautas similares ás da comunidade científica para resolvelo (Díaz de Bustamante e Jiménez Aleixandre, 1999).

No caso real que se lles propuxo ós estudantes, estes tiveron que escoller o material máis resistente á corrosión para poder fabricar unha peza dun barco. Para iso se lles deu ferro, cobre e chumbo coa intención de que comprobasen se se corroen ou non e a qué velocidade o fan, tanto en auga salgada coma en auga doce.

Cabe destacar que ó longo das actividades se traballaron diversas competencias. Coll (2007) considera que a adquisición dunha competencia require a adquisición dunha serie de saberes. Sen embargo, a principal competencia que se pretende desenvolver con estas actividades é a *competencia e interacción co mundo físico*, recollida así nos curriculum galego e español, ou tamén coñecida como *competencia científica* no informe PISA 2006 (OCDE, 2007). Outras competencias tamén traballadas son: a *competencia lingüística*, a *competencia social e cidadá*, a *competencia para aprender a aprender* e a *autonomía e iniciativa persoal*.

Tras a realización da actividade púidose observar a evolución da aprendizaxe no alumnado, de forma que aínda que algúns estudantes tiñan lixeiras nocións sobre o proceso de corrosión, a medida que se levaba a cabo a actividade de laboratorio, o alumnado melloraba a súa comprensión do proceso de corrosión, para finalmente responder con éxito as cuestións finais que se lles propuxeron.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Caamaño, A. (2011). Enseñar química mediante la contextualización, la indagación y la modelización. *Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales*, 69, 21-34.
- Coll, C. (2007). Las competencias en la educación escolar: Algo más que una moda y mucho menos que un remedio. *Aula de Innovación Educativa*, 161, 34-39.
- Crujeiras, B. e Jiménez Aleixandre, M. P. (2012). Participar en las prácticas científicas. Aprender sobre la ciencia diseñando un experimento sobre pasta de dientes. *Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales*, 72, 12-19.
- Díaz de Bustamante, J. e Jiménez Aleixandre, M. P. (1999). Aprender ciencias, hacer ciencias: resolver problemas en clase. *Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales*, 20, 9-16.
- Flores, J., Caballero, M. C. e Moreira, M. A. (2009). El laboratorio en la enseñanza de las ciencias: Una visión integral en este complejo ambiente de aprendizaje. *Revista de investigación*, 68 (33), 75-112.
- Organización Cooperativa para el Desarrollo y la Economía (OCDE) (2007). Informe PISA 2006. Programa para la Evaluación Internacional de Alumnos de la OCDE. Informe español. Extraído o 7 de Marzo de 2013 en: <http://www.mec.es/multimedia/00005713.pdf>

O LABORATORIO DE QUÍMICA COMO RECURSO PARA DESENVOLVER A COMPETENCIA CIENTÍFICA E TRABALLAR OS CONTIDOS DO CURRÍCULO DE SECUNDARIA

CRUJEIRAS PÉREZ, Beatriz
JIMÉNEZ ALEIXANDRE, María Pilar
Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Nesta comunicación preséntase unha actividade de indagación no laboratorio de química que permite traballar tanto as competencias científicas como os contidos do currículo.

Como *indagación* entendemos as diversas formas nas que os científicos estudan o mundo natural e propoñen explicacións baseadas nas probas derivadas do seu traballo (NRC, 1996).

Para levar a cabo a indagación científica, os estudantes precisan desenvolver unha serie de destrezas ou operacións como por exemplo identificar as preguntas e conceptos que guían as investigacións científicas, deseñar e implementar investigacións científicas, formular e revisar explicacións científicas e modelos utilizando a lóxica e as probas, recoñecer e analizar explicacións e modelos alternativos, ou comunicar e defender un argumento científico (NRC, 1996).

As operacións de indagación permiten desenvolver as competencias científicas (OECD, 2008), en particular a *competencia en identificar cuestións científicas*. Esta competencia implica recoñecer cuestións susceptibles de ser investigadas científicamente, identificar termos clave para a búsqueda de información científica e recoñecer os rasgos clave da investigación científica. Nos documentos de PISA 2006 detállase unha escala de niveis de desempeños para esta competencia dos estudantes que inclúe non só recoñecer as características dunha investigación científica, senón tamén realizar operacións características do deseño de investigacións, por exemplo identificar e controlar variables.

Ademais, a indagación no laboratorio require a mobilización de coñecementos teóricos e non só destrezas experimentais para abordar os problemas (Crujeiras e Jiménez, 2012). A combinación de contidos e destrezas para resolver actividades de indagación examínase neste traballo.

Algunhas das operacións ou destrezas de indagación forman parte do currículo da educación secundaria (DOG, 2007) dentro do bloque de contidos comúns, polo que realizar este tipo de actividades na aula contribúe tanto a acadar os obxectivos do currículo como á adquisición das competencias científicas.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: O PEDIDO ROTO

A actividade obxecto de estudo denomínase *O pedido roto*. Diseñouse para traballar contidos recollidos nos bloques diversidade e estrutura da materia e natureza eléctrica da materia de 3º de ESO.

A actividade require que o alumnado, traballando en pequenos grupos de 3-4 estudantes, separe e identifique as substancias procedentes dun pedido que sufriu danos durante o transporte: as etiquetas identificativas apareceron borradas e tres dos cinco recipientes rotos, polo tanto as substancias quedaron mesturadas entre si.

A duración da actividade é de dúas sesións de cincuenta minutos e para resolvela requírese a planificación e posta en práctica dun deseño experimental que recolla os procesos a levar a cabo para identificar e separar as substancias do pedido. Para poder planificar o deseño, proporciónase unha serie de información no guión da actividade: a) información sobre as substancias; b) tipo de contidos a utilizar para resolver a actividade; c) un dato relacionado coa natureza das substancias do pedido; e d) datos de conductividade, solubilidade e propiedades magnéticas en función da natureza das substancias.

Da actividade analízanse: a) as tarefas que se demandan ao alumnado; b) os aspectos da competencia que se desenvolven; c) os contidos do currículo que esta permite traballar; e d) as dificultades que o alumando encontra para resolvela.

BIBLIOGRAFÍA

- Crujeiras, B., e Jiménez, M.P. (2012a). Competencia como aplicación de conocimientos: por que se oscurecen las manzanas? *Alambique: Didáctica de las ciencias experimentales*, 70, 19-26.
- Diario Oficial de Galicia (DOG). (2007). Decreto 133/2007, do 5 de Xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- National Research Council (1996). *National Science Education Standards*. Washington, DC: National Academies Press.
- Organización para la cooperación y el desarrollo económico (OCDE). (2008). Informe PISA 2006. Competencias científicas para el mundo del mañana. Madrid: Santillana.

TRADUCIÓN AO GALEGO DA OBRA DE ANTOINE L. LAVOISIER (CONTINUACIÓN): CAPÍTULOS XIV A XVII (FIN DA PRIMEIRA PARTE) DO “TRATADO ELEMENTAL DE QUÍMICA”

FREIRE PAIS, X. ANXO

Prof. Xubilado de Física e Química (IES Xelmírez I)

CAPÍTULO XIV DA FERMENTACIÓN PÚTRIDA

Neste capítulo mostra a diferenza entre a fermentación alcólica e a fermentación das materias, tanto vexetais como animais, aquí non se forma alcol. É importante a presenza de auga na putrefacción.

Da putrefacción vexetal despréndense: gas hidróxeno, gas carbónico e un residuo terroso, que é terra vexetal ou humus.

Da putrefacción da materia animal despréndense os mesmos gases, pero ademais, como conteñen azote, fórmase tamén álcali volátil ou amoníaco, provocando o fedor destas. A presenza do azote produce ademais o aceleramento no proceso de putrefacción.

Se mesturamos algo de materia animal xunto cos vexetais favorecemos de forma asombrosa a putrefacción, feito moi aproveitado na ciencia dos abonos e esterco.

A presenza de xofre nalgunhas substancia produce gas hidróxeno sulfurado, fedento, cheira a ovos podres, presente nas materias fecais. Se a materia contén fósforo producirá gas hidróxeno fosforado, dun fedor diferente ao anterior e que nota no peixe cando non é fresco. A presenza do fósforo acelera a podremia e o seu cheiro nos dá idea a frescura do peixe.

Como, a día de hoxe, ignoramos as proporcións e composición exactas destas materias, o tempo e a análise química o farán algún día, como xa se avanzou noutras cousas.

CAPÍTULO XV DA FERMENTACIÓN ACETOSA

Non é outra cousa que a acidificación do viño (alcol) por medio do osíxeno, o ácido que resulta é o ácido acetoso ou *vinagre*. Formado por carbono, hidróxeno en proporcións aínda non determinada e polo osíxeno necesario para levalo a ácido. O osíxeno do aire é suficiente para esta operación.

Explica que como o ácido carbónico en presenza de auga e o hidróxeno procedente do azucre, poden formar alcol, que logo se oxida a ácido co aire. Tamén “aventura” a dicir que se ao ácido acetoso se lle quita o hidróxeno se obtería ácido carbónico.

CAPÍTULO XVI DA FORMACIÓN DOS SALES NEUTROS, E DAS DIFERENTES BASES QUE ENTRAN NA SÚA CONSTITUCIÓN

Entre as substancias simples combustibles, que polo de agora non fomos quen de descompor: N, S, P, C, radical muriático e H; forman, ao combinárense co osíxeno, tódolos ácidos e óxidos do reino vexetal e animal. Chamareille a estas *bases acidificables*. Xa explicáramos como a natureza multiplicaba as propiedades e formas simplemente combinando tres ou catro bases acidificables en diferentes proporcións, ou variando a dose de osíxeno.

Os ácidos son combinacións de primeira orde, ou como dicía Stahl pertencen á orde dos mixtos. Poden considerarse, aos ácidos, verdadeiros *principios salificantes* porque teñen grande tendencia a unírense coas bases, terras e metais para formar os sales neutros, os sales neutros son logo a combinación de dous mixtos: un ácido ou principio salificante, cunha base, terra ou metal, denominado principio salificable.

Os principios salificables son: **potasa, sosa, amoníaco, cal, magnesia, baríta, alumina, e todos os metais** (cita a 17 metais coñecidos)

Neste capítulo describe a orixe, a natureza e algunha das propiedades máis salientables destes substancias citadas en negraña. Fala pouco dos metais, dos oxidables e non, e de que cada un necesitaría un volume completo, excede aos propósitos desta obra.

CAPÍTULO XVII CONTINUACIÓN DAS REFLEXIÓNS SOBRE AS BASES SALIFICABLES E SOBRE A FORMACIÓN DOS SALES NEUTROS

Como se dixo no capítulo anterior: as bases salificables son as que se combinan cos ácidos para formar os sales neutros. Fai a continuación unha serie de aclaracións teóricas; Os álcalis e as terras non precisan ningún intermedio para unirse aos ácidos e formar os sales neutros, pero os metais precisan ser previamente osixenados para formar os sales, é dicir, que os que son solubles nos ácidos son os óxidos metálicos, e non os metais por si mesmos. Para que un metal poida disolverse debe quitarlle o osíxeno ao ácido no que se vai disolver ou á auga na que está diluído o ácido. Non hai disolución metálica mentres non se descompoña ou a auga ou o ácido. Isto explica os principais fenómenos das disolucións dos metais.

- 1° A efervescencia, ou desprendemento de gas que ten lugar durante a disolución. Nas disolucións do ácido nítrico o gas formado é o nitroso, e nas do ácido sulfúrico pode ser o sulfuroso ou o gas hidróxeno, dependendo se a oxidación se produce a expensas do ácido sulfúrico ou da auga.
- 2° Non se produce efervescencia se o metal se oxidou antes da disolución, polo que non precisa quitarlle o osíxeno nin ao ácido nin á auga.
- 3° Non hai efervescencia dos metais co ácido muriático osixenado, porque o metal rouba o osíxeno en exceso do ácido, converténdoo en ácido muriático ordinario. O ácido muriático ordinario é gasoso en ausencia de auga, pero neste caso non se desprende gas porque é moi soluble na auga.
- 4° Os metais como a prata o mercurio ou o chumbo son insolubles nos ácidos porque a súa afinidade polo osíxeno é ínfima e non son quen de roubarlle o osíxeno á auga nin ao ácido. Pero se os oxidamos previamente, polo medio que sexa, entón son solubles no ácido e non dan efervescencia.

O osíxeno é pois o lazo de unión dos metais cos ácidos, polo que é moi posible que as catro terras salificables que citamos (magnesia, cal, barita e alumina) conteñan osíxeno, e por iso se unen aos ácidos directamente, sen intermedios.

Fai a continuación unha táboa de todos os ácidos co radical do que provén. Coa inclusión dos 17 ácidos con base salificable procedente dos 17 metais; exemplos : ácido arxéntico da base prata; ácido cúprico da base cobre, etc. (aínda que di que de momento son pouco coñecidos, que Berthollet presentará pronto un traballo sobre eles)

Ve que o número de ácidos é de 48 e que cos 3 álcalis, 4 terras e 17 metais que forman as bases salificables, darían 1152 sales neutros posibles.

Xustifica así a necesidade de abandonar a antiga nomenclatura, con nomes arbitrarios, unhas veces baseados no descubridor, outras na súa cor, outras pola substancia onde foron extraídas, incluíndo aquelas que se coñecen con ata 14 nomes distintos, etc. Sería imposible recordar o nome de todas esas substancias e saber ademais a súa relación coas bases das que proveñen. Da entón o método para nomear aos ácidos polo radical do que proceden, e engadindo a terminación *oso, ico*, dependendo cantidade de osíxeno que os sature, e a os sales coas terminacións *ito, ato* segundo o ácido de que procedan e citando a continuación o nome da base salificable que se une ao ácido para formar o sal.

Sería interesante coñecer, para cada especie, as súas propiedades particulares como: solubidade na auga e espírito do viño, proporción de ácido e base que entran na súa composición, auga de cristalización, grao de forza con que se une o ácido coa base, etc. Inmenso traballo comezado por célebres químicos como Bergman, Morveau, Kirwan, etc. Campo que excede os límites desta obra elemental, e que tería retrasado varios anos a súa publicación. Campo tamén aberto aos xoves químicos, pero recoméndalle que se limiten a facelo ben, antes que a facer moito; que aprendan moito dos ácidos e das bases por medio de experiencias múltiples e precisas, antes que ocuparse dos sales neutros, para poder establecer o coñecemento sobre fundamentos sólidos, e non retrasar a marcha con experimentos pouco exactos e rigorosos.

FIN DA PRIMEIRA PARTE

INVESTIGACIÓN NA AULA: MEDINDO O RADÓN CUN DETECTOR ARTESANAL

RAÑAL LOUREIRO, Francisco
IES Rosalía de Castro
Santiago de Compostela

RESUMO

No curso 2012-2013, como *monografía* final de investigación, obrigatoria no 2º curso de Bacharelato Internacional, o alumno Gonzalo Díaz López, coordinado polo profesor Francisco Rañal realizou o traballo de investigación titulado “*Medición da densidade de actividade radioactiva mediante unha cámara de separación de ións*”. No recente *XXVI Congreso Nacional de Xóvenes Investigadores* celebrado en Mollina (Málaga) organizado polo INJUVE e a Secretaría Xeral de Universidades, este traballo foi galardonado co **2º Premio** na área de Física Química e Matemáticas e co **Premio da Real Sociedade Española de Física**.

As temáticas tiveron que ver con distintos ámbitos: científico, lingüístico, etnográfico, histórico e xeográfico. Porén, e aproveitando ese encontro, fixemos outras actividades encamiñadas ó coñecemento e disfrute do patrimonio natural, cultural e etnográfico dos dous contextos implicados, A Gudiña e a Serra Courelá, e mais da zona de Chaves, no norte de Portugal, onde asistimos a un recital dunha poetisa portuguesa, adquirindo este proxecto un forte carácter intercultural (galaico-portugués). Ditas actividades preparáronse antes nas aulas a través de unidades didácticas elaboradas polo profesorado implicado.

Para enriquecer máis esta nosa andaina pedagóxica, e na semana na que o contacto intercentros tivo lugar, fíxose un simposio ó que asistiron catro ponentes: dous deles vinculados ó ámbito da economía e da cultura galega, e os outros dous expertos en temas naturais. Todas estas temáticas foron traballadas nas aulas co alumnado de ámbolos dous centros, e a través de lecturas ensaísticas, un tipo de xénero que non conta con moito éxito nos centros educativos e que nós quixemos dar a importancia que merece ter no proceso de aprendizaxe.

O piar deste macroproxecto foi, como se pode deducir, ensinar ós alumnos e alumnas a construír os seus propios coñecementos e, dado que vivimos na era das TICs, facer uso delas nas montaxes e exposicións.

Por tanto, todas as actividades realizadas dividíronse en dous grupos:

- 1.- As de investigación, feitas polo alumnado no ámbito científico e humanístico ó longo de todo o curso.
- 2.- As levadas a cabo durante os días do intercambio, período no que o alumnado dos dous centros compartillou os saberes adquiridos a través de varias exposicións e vídeos elaborados por eles, para logo desenvolver tamén outras, de xeito conxunto e de moi diversa índole, como veremos máis adiante.

1. Traballos de investigación realizados polo alumnado no ámbito científico

- 1.1. Quen planta lume ó monte?
- 1.2. Cantos mamíferos non humanos morren nas estradas?
- 1.3. Cales son as aves máis vistas dende o centro escolar?
- 1.4. Que luz é mellor para realizar a fotosíntese?
- 1.5. Auditoría enerxética no CPI Laureano Prieto
- 1.6. Divertímonos de forma saudable?
- 1.7. Existen diferenzas en canto a biodiversidade entre unha reboleira e un piñeiral?
- 1.8. Está contaminado o aire na Gudiña.
- 1.9. Hai lobos nos concellos da Gudiña e da Mezquita, e de onde veñen?
- 1.10. Comen o mesmo as curuxas independentemente de onde vivan?

2. Traballos de investigación realizados polo alumnado no ámbito humanístico

- 2.1. Unha terra sementada de palabras
- 2.2. Á procura das nosas tradicións
- 2.3. Compartillando, máis alá do Miño, inquietudes culturais e retallos de vida
- 2.4. Unha terra, unhas xentes, unha cultura, e... unha casa de seu

Ó longo do noso obradoiro presentaremos os traballos feitos polo alumnado, explicando a elaboración destes e o resultado final.

PRESENTACIÓN DA REDE EDUCATIVA DIXITAL DESCARTES

EIXO BLANCO, Xosé

*Prof. de Matemáticas no IES Antón Losada
Diéguez da Estrada*

HERMIDA RODRÍGUEZ, M^a Isabel

Prof. de Matemáticas no CPI A Xunqueira de Fene

ARXIBAI QUEIRUGA, Cibrán Manuel

*Prof. de Matemáticas no IES Pintor Colmeiro de
Silleda*

PIÑÓN FERNÁNDEZ, Andrés

*Prof. de Matemáticas no IES Salvador de
Madariaga de A Coruña*

QUIREZA RAMOS, M^a Carmen

*Prof. de Matemáticas no IES Sánchez Cantón de
Pontevedra*

RIPOLL MIRA, Enric

Prof. de Física e Química no IES A Cañiza

POSE REINO, Adelino

*Prof. de Matemáticas no IES Xulián Magariños de
Negrreira*

SACAU FONTENLA, Xosé Luís

Prof. de Matemáticas no IES Fontexería de Muros

RESUMO

Nesta comunicación faise un percorrido por todo o que supuxo o Proxecto Descartes durante os últimos quince anos, e pola nova andaina que comeza desde a Rede Educativa Dixital Descartes, organización no gubernamental que ten por obxectivo dar continuidade e permitir avanzar o proxecto.

INTRODUCCIÓN

Desde o ano 1998 o Proxecto Descartes vense desenrolando coa colaboración de multitude de profesores e profesoras de todo o estado español e doutros dous países como México e Colombia. O Proxecto Descartes foi promovido e financiado polo Ministerio de Educación de España, coa finalidade de aproveitar as vantaxes do ordenador e de Internet para ofrecer ao profesorado e ao alumnado unha nova forma de aprender Matemáticas.

Inicialmente a ferramenta de desenrolo realizouse en linguaxe *Java*, mediante o que denominamos nippe Descartes, un xerador de *applets* de *Java* que se insiren en páxinas *web*. Con isto elaboráronse centos de aplicacións educativas variadas, atractivas e de fácil uso para o profesorado de matemáticas.

Durante estes quince anos estes recursos educativos estiveron aloxados nos servidores do MEC. O ano 2013 constitúese a **Rede Educativa Dixital Descartes (ProyectoDescartes.org)** como unha rede de usuarios para promover o desenrolo deste proxecto entorno á ferramenta Descartes e en particular á súa versión **DescartesJS**.

Como punto de apoio inicial fíxase o desenrolo da ferramenta DescartesJS que permite a visualización e interacción coas escenas de Descartes en calquera navegador compatible HTML5 e consecuentemente en calquera dispositivo tipo ordenador ou tipo tableta ou teléfonos e calquera sistema operativo ao non depender de Java.

DESCRIPCIÓN DOS PROXECTOS MÁIS DESTACADOS DENTRO DO PROXECTO DESCARTES

Unidades Didácticas: Clasificadas por niveis y cursos. Cobren case todo o currículo de Ensino Secundario y actualmente completándose o currículo de Primaria. Tamén se conta con contidos universitarios.

EDAD: Materiais elaborados dentro do proxecto Educación Dixital con Descartes. Constitúen un recubrimento curricular secuenciado de todos os contidos de Matemáticas da Educación Secundaria Obrigatoria. Traducidos ao catalán e ao galego, e parte deles ao euskera e ao valenciano. Dispónse de cadernos de traballo en formatos editables como complemento.

Proxecto Canals: Recursos TIC que buscan contribuír á difusión e coñecemento dos materiais deseñados por María Antònia Canals desde unha perspectiva enmarcada no contexto tecnolóxico dos sistemas de información (375 obxectos de aprendizaxe).

Proxecto PI 2.0: Contidos educativos interactivos de Lingua Castelá e Matemáticas para o encerrado dixital para 5º e 6º de Primaria.

ASIPISA: Proxecto de desenrolo de materiais educativos, dixitais e interactivos, baseados nas unidades liberadas do Programa internacional PISA.

Miscelánea: Escenas ailladas que tratan aspectos moi variados do currículo de Matemáticas que se poden utilizar como apoio e reforzo do traballo diario.

Aplicacións: Zona de publicación de unidades desenroladas por profesorado que queira publicar os seus traballos. Inclúense as unidades didácticas que desenrolaron os profesores-alumnos dos cursos de formación desenrolados desde o INTEF (antes PNTIC, CNICE, ITE).

Discursos: Breves leccións interactivas completas.

EDA: Documentación completa dos Plans de Experimentación Didáctica na Aula.

PROXECTO NEWTON

É un taller aberto de creación de recursos interactivos para a aprendizaxe da Física e Química en Secundaria e Bacharelato cos obxectivos fundamentais de propiciar a colaboración do profesorado que o desexe na creación de materiais de aprendizaxe interactivos, desenrolar os materiais coa ferramenta, “applet Descartes”, investigar as súas posibilidades na aprendizaxe da Física e Química e innovar introducindo os materiais nas aulas.

REDD: REDE EDUCATIVA DIXITAL DESCARTES

Á vista das dificultades para dar continuidade a este proxectos desde organismos públicos, un grupo de profesores e profesoras de Matemáticas e Física e Química acordamos crear unha asociación de ámbito estatal, sen ánimo de lucro, desde a que poder darlle continuidade a todos os proxectos incluídos no Proxecto Descartes e no Proxecto Newton.

Neste momento o traballo fundamental que se está a abordar é o da transformación dos materiais que para o seu funcionamento dependen de JAVA noutros que non o fagan e que polo tanto poidan ser utilizados en calquera tipo de ordenador, tablet, teléfono móbil,...

REDD: DIFUSIÓN

A REDD está a traballar desde varios sitios para a súa difusión:

1. Páxina web <http://ProyectoDescartes.org> desde a que se pode acceder a todos os materiais.
2. Páxina Joomla <http://proyectodescartes.org/descartescms/>, desde a que se pode acceder a todo tipo de información, tal como: Experiencias (contadas a través da Radio Descartes ou de modo gráfico), Escenas (Explicación videográfica sobre o funcionamento dalgúns escenas), Vídeos (sobre funcionamento, descarga de materiais,...)... Dispón tamén dun apartado de Materiais onde se van catalogando os materiais que xa están liberados do Java e desde onde se pode acceder a eles ou mesmo descargarlos ou copiar o código que permite inserilos nunha páxina persoal ou aula virtual.
3. Canal Youtube: <http://www.youtube.com/user/BlogDescartes>
4. Redes sociais: Facebook, Twiter.... Publicacións na páxina de ISSUU

REDD - GALICIA: EXPERIENCIAS DE AULA

Nesta comunicación preséntanse tamén, a modo de exemplo do traballo que se ven desenrolando desde a REDD e centrándonos no ámbito galego, experiencias de aula que vimos desenrolando nos nosos institutos:

IES Antón Losada Diéguez da Estrada, CPI A Xunqueira de Fene, IES Pintor Laxeiro de Silleda, IES Salvador de Madariaga de A Coruña, IES Sánchez Cantón de Pontevedra, IES A Cañiza, IES Xulián Magariños de Negreira, IES Fontexería de Muros.

AS MATEMÁTICAS A TRAVÉS DAS CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

FERNÁNDEZ FONTENLA, Iria

INTRODUCCIÓN

Como profesora de matemáticas e deportista que son, gústame divulgar e unir estas dúas disciplinas que me parecen tan importantes e tan pouco valoradas por boa parte da sociedade. Moitas veces teño a sensación de tratar cun alumnado que tende a ser cómodo, sedentario e inactivo e no que cada vez se atopan máis problemas de sobrepeso e obesidade. Non só me estou a referir á actividade física, senón tamén á tendencia que hai de aprender para aprobar un exame, sen ser para nada críticos, sen parar a pensar nas cousas, no seu significado ou na importancia que estas teñen no día a día.

Esta experiencia didáctica ten como principal obxectivo poñer en práctica moitos conceptos matemáticos estudados na educación secundaria e facer notar a súa importancia na vida cotiá e no entorno que nos rodea. Para isto utilizamos o deporte de orientación, que nos ofrece unha chea de posibilidades como a importancia das proporcións para recoñecer a escala dun mapa, os vectores para tomar un rumbo ou as curvas de nivel e o cálculo de pendentes.

MOTIVACIÓN

Algunhas dificultades atopadas durante todos estes anos de docencia leváronme a pensar nesta actividade e foron, principalmente as que enumero a continuación:

- Unha dependencia da definición das “unidades” á hora de enunciarse os problemas; sempre ocorría o mesmo: un cadrado de lado 1... pero 1 qué? Pois unha unidade... non necesariamente teñen que ser metros, centímetros ou quilómetros... pode ser unha unidade calquera, un paso ou unha palma da man a que mida unha lonxitude, e unha unidade calquera elevada ó cadrado a que mida a área. Medir é comparar, así que se unha habitación mide o dobre de longo que outra, dá igual que falemos de metros, decímetros ou hectómetros.
- Unha definición do número π como 3,14 ou, para os máis avanzados, 3,1416. Moitos ata o califican de racional, porque, con bo criterio, é $314/100$ e podemos escribilo en forma de fracción. Ademais, poucos son os que saben dicir algo deste número, que como digo eu, leva nome propio, así que debe ser bastante importante...
- Unha memorización do teorema de Thales, pero sen valorar para nada a aplicación na vida cotiá.

Hai unha chea de cousas máis que non vou enumerar, tan só dicir que cando preguntas nas probas iniciais que citen situacións reais onde se utilicen matemáticas, a resposta maioritaria é: ó ir de compras ou no banco. Como se as matemáticas só servisen para contar os cartos!

METODOLOXÍA

Sobre isto da orientación teño falado en diversos grupos da ESO durante as clases de matemáticas, pero este ano decidín facelo cos grupos de 3º ESO. Aproveitando horas de tutorías e co apoio da profesora de Educación Física, conseguimos unha actividade lúdica, deportiva e chea de matemáticas.

As sesións foron teóricas e prácticas, dividindo ós alumnos en grupos, nas primeiras dando máis peso á orientación de mapas e planos e logo á orientación como deporte. As matemáticas quedaban en segundo plano, sempre presentes pero notando que o obxectivo destas sesións era controlar algo sobre a lectura dos mapas e á súa interpretación, ademais de coñecer un pouco este deporte, do que en principio ningún alumno oíra falar nunca. Tamén se fixo práctica con mapas reais de carreiras e planos do instituto e doutros lugares.

Rematamos cunha sesión práctica no patio do instituto e con varios percorridos a realizar. Simulaba unha carreira de orientación por grupos de cinco alumnos que tiñan que completar un percorrido con dez balizas. As balizas tiñan preguntas, algunhas de tipo teórico pero outras prácticas, por citar exemplos:

- Medir a lonxitude da portería (só tiñan un metro na meta, así que nos puntos deberían apañarse cunha medida calquera coma un bolígrafo, un pau, a palma da man, un paso, etc)
- Calcular a cantidade de aire que hai dentro do ximnasio
- Medir a altura dunha árbore utilizando o teorema de Tales.
- Obter unha aproximación do número π nunha papeleira cilíndrica con axuda dunha corda e dun metro. Para cuantificar o bo nivel da aproximación pediuse que achasen o erro relativo e que o resultado fose dado en notación científica, pero por falta de tempo non se chegou a puntuar.
- Obter $\sqrt{2}$ cun anaco de corda que medía 1 unidade e clasificar dito número.
- Calcular a distancia real percorrida en liña recta, sabendo que a escala do plano era 1:1000
- Calcular o tempo invertido sabendo a hora de saída e hora de chegada (con horas, minutos e segundos) e dicir o nome do sistema utilizado (sesaxesimal)

CONCLUSIÓN

A actividade foi calificada de forma positiva tanto por parte da compañeira de Educación Física, dos alumnos e por min. A maioría de grupos tomárono en serio, incluso de forma competitiva, e moitos foron capaces de calcular a altura da árbore utilizando proporcións e teorema de Tales, de chegar a boas aproximacións do número pi e todos os grupos identificaron a cantidade de aire como o volume e mediron alto, longo e ancho do ximnasio. Sorprendentemente, non se lembraban do nome dunha planta (hortensia) ou non sabían o que eran os piñóns e algún grupo recolleu piñas no seu lugar.

PRINCIPALES DIFICULTADES EN EL APRENDIZAJE DE ALGUNOS CONCEPTOS DE ANÁLISIS MATEMÁTICO EN SEGUNDO DE BACHILLERATO

GARCÍA RODRÍGUEZ, Elena
RODRÍGUEZ LÓPEZ, Rosana
Universidad de Santiago de Compostela

RESUMEN

El presente estudio se llevó a cabo con 20 alumnos de un grupo de segundo curso de bachillerato de la rama de Ciencias de la Naturaleza y de la Salud, durante el transcurso del Prácticum II del Máster de Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanza de Idiomas.

Con el objetivo de detectar dificultades y errores relacionados con algunos conceptos de análisis matemático, en concreto, con el concepto de límite de una función en un punto y sus diferentes representaciones y con el concepto de continuidad, así como evaluar el grado de comprensión alcanzado por los estudiantes, diseñamos una secuencia de actividades que ellos resolvieron luego de desarrollar el tema en clase. Lo que se pretende, al mismo tiempo, es centrar la atención en los obstáculos que surgen en el estudio de límites y continuidad y proponer alternativas encaminadas a la superación de dichos obstáculos bajo un modelo constructivista de la enseñanza.

Para poder realizar el análisis, hemos tomado como referencia algunos estudios previos que muestran aspectos teóricos relevantes, centrados en el análisis de las dificultades de los estudiantes en relación a las nociones de interés.

En las definiciones que aportan los sujetos sobre la idea intuitiva que tienen del concepto de límite de una función en un punto, se observa la identificación del límite como el valor que toma la función en el punto que se está analizando, sin importar si la función es continua o no. Esto se debe a la generalización de su uso, practicado en un contexto de continuidad, a otros donde está ausente esa propiedad. Lo cual pone de manifiesto que en la mayor parte de los casos consideran que el límite de una función en un punto se obtiene siempre por sustitución.

Los términos más frecuentes que utilizan los estudiantes para definir el concepto de límite son “aproximarse” y “acercarse”. El término “tender” sólo lo utilizan para referirse a la expresión “ x tiende a...”.

La mayoría de los alumnos consideran que el límite se puede “alcanzar”, pero no ilustran su argumentación con alguna situación en la que esto ocurra. Pudimos apreciar también que los alumnos tienen dificultades para determinar límites laterales y límites de funciones en el infinito.

Con respecto al concepto de continuidad, las respuestas de los estudiantes muestran algunas confusiones con los diferentes tipos de discontinuidades. Esto sugiere una falta de comprensión adecuada de las características que debe verificar cada función para tener un tipo de discontinuidad u otro.

Por otra parte, los escolares participantes en esta investigación saben estudiar la continuidad de funciones definidas a trozos, pero cometen errores a la hora de justificar si una función es continua o no a partir de su representación gráfica, por lo que podríamos deducir que no entienden completamente el significado de las condiciones que ha de satisfacer una función continua.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BLÁZQUEZ, S. y ORTEGA, T. (2000). *El concepto de límite en educación secundaria*. En: Cantoral, R. (Ed.): *El futuro del cálculo infinitesimal*, Grupo Editorial Iberoamérica, pp. 331-354.
- FERNÁNDEZ-PLAZA, J.A. (2010). *Unidad Didáctica: Límite y continuidad de funciones*. Trabajo final del Máster de Secundaria. Granada: Universidad de Granada.
- FERNÁNDEZ-PLAZA, J.A. (2011). *Significados puestos de manifiesto por estudiantes de bachillerato respecto al concepto de límite finito de una función en un punto. Estudio exploratorio*. Trabajo de tercer ciclo. Granada: Universidad de Granada.
- SIERRA, M.; GONZÁLEZ, M.T. y LÓPEZ, C. (2000). “*Concepciones de los alumnos de bachillerato y curso de orientación universitaria sobre límite funcional y continuidad*”. *Revista Latinoamericana de Investigación en Matemática Educativa*, Vol.3, Núm.1, pp.71-85.
- VRANCKEN, S. y otros (2006). “*Dificultades relacionadas con la enseñanza y el aprendizaje del concepto de límite*”. *Premisa*, Vol.8, Núm.29, pp. 9-19.

A "CAIXA" DOS NÚMEROS REAIS

Rodríguez-Moldes Rey, Covadonga

Profesora de Matemáticas do IES Mugardos

Díaz Rodríguez, Inés

Maceiras Silvar, Javier

Pérez Rey, Marta

Alumnos de 4º ESO do IES Mugardos

Números naturais, números enteiros, números racionais, números reais... En todas as programacións e en todos os textos de matemáticas de educación secundaria e de bacharelato aparecen estes conxuntos de números como títulos de unidades didácticas e cun obxectivo claro que o alumnado debería acadar: coñecer os distintos tipos de números coas súas características e propiedades e saber distinguir uns doutros.

Pero este é un obxectivo complicado que raramente acada o alumnado a pesares da insistencia do profesorado.

Presentamos nesta comunicación unha experiencia de aula do curso pasado consistente na construción de "caixas" de números reais que sirven para facilitar o estudo do conxunto dos números reais, convertidos agora en puñados de abelás.

PROBLEMÁTICA DIDÁCTICA NO ESTUDO DAS FRACCIÓNES E DOS DECIMAIIS EN PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO DA ESO

RODRÍGUEZ VIVERO, Dolores
NÚÑEZ ARIAS, Luis
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O obxectivo que se persegue con esta comunicación é amosar as dificultades, erros e obstáculos que se atoparon na aprendizaxe das fraccións e os decimais nunha mostra de dous grupos do IES “A Nosa Señora dos Ollos Grandes” de Lugo, un de primeiro e outro de segundo da ESO.

Para poder analizar e valorar estes obstáculos fíxose entrega dun test que consta de catorce cuestións tipicamente problemáticas na aprendizaxe dos números decimais e das fraccións, incluíndo tres de realización numérica e xeométrica de operacións con fraccións ou decimais. Unha vez recollidos os datos da mostra fíxose unha análise detallada dos resultados obtidos, tanto de xeito cualitativo como cuantitativo, realizando, á súa vez, unha comparativa entre os de primeiro curso e os de segundo.

Na análise dos resultados cabe destacar que nestes niveis escolares os estudantes aínda presentan erros na representación xeométrica das fraccións e na representación dos números decimais na recta numérica e, sen embargo, case non se atopa a dificultade habitual coa ordenación de decimais. O obstáculo máis relevante atopado foi o de relacionar as fraccións e decimais con outros bloques de contido de matemáticas como, por exemplo, coa medida ou con aspectos da vida cotiá como pode ser o sistema monetario.

Os erros atopados lévannos a facer unha reflexión sobre unha maior incidencia no xeito da ensinanza das fraccións e números decimais na educación primaria e nos primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria.

CONSTRUYENDO EL NÚMERO A TRAVÉS DE LA INDUCCIÓN EN EL 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

SALGADO SOMOZA, María
SALINAS PORTUGAL, María Jesús
CEIP Sigüeiro
Universidad de Santiago de Compostela

El número está presente en el entorno desde edades muy tempranas y a diario en las aulas de Educación Infantil. Muchos adultos consideran su construcción y conocimiento, algo sencillo y obvio; sin embargo su construcción y aprendizaje es más laboriosa de lo que la sociedad cree. El hecho de adquirirse de forma temprana conlleva en ocasiones a dificultades, de ahí la importancia de una correcta intervención en el colegio, en la que el docente debe ofrecer variedad de propuestas y medios, entre las que está el razonamiento inductivo, que favorezcan su abstracción y eviten errores conceptuales que puedan persistir en la edad adulta.

En este trabajo exponemos algunas ideas sobre el razonamiento inductivo en la etapa de Educación Infantil y el desarrollo de una propuesta pedagógica que pone de manifiesto la potencialidad del razonamiento en esta etapa.

Palabras clave: número, Educación Infantil, razonamiento inductivo.

INTRODUCCIÓN

La LOE considera la Educación Infantil como la primera etapa educativa. Los niños/as en esta etapa (Torra Bitlloch, 1994) tienen necesidades e intereses relacionados con la expresión matemática que les inducen a buscar y elaborar estrategias para resolver los problemas que se plantean. Resulta por tanto la Educación Infantil una etapa de la escolarización dónde se debería ofrecer al alumnado la ayuda necesaria que guiara sus intereses y proporcionara los complementos adecuados para conseguir un desarrollo matemático completo y coherente que no conlleve a errores que persistan en la edad adulta; introduciendo desde edades tempranas (Cañadas y Castro, 2010) la búsqueda de regularidades que permitan establecer futuras generalizaciones; fomentando así en la enseñanza de la matemática “habilidades en el alumnado”.

ENSEÑANZA- APRENDIZAJE DEL NÚMERO

El concepto de “número” es muy difícil de definir, es tan abstracto como usual en el entorno. Todos los seres humanos lo utilizan diariamente, contar, leer y escribir números, realizar cálculos y razonar con números son aspectos de muchas de las tareas diarias de las personas adultas (Baroody, 1997).

Los niños/as de infantil a menudo recitan números, aunque no comprendan su representación y las relaciones que se establecen entre ellos (Orton, 1990), los construyen poco a poco (Veiga, 1999). En la Escuela Infantil, es donde se deben iniciar la construcción de conocimientos numéricos.

El docente, en el diseño del proceso de enseñanza del número (Chamorro, 2006), no puede basarse solamente en la definición matemática de número natural y en las reglas del algoritmo de “contar”, tiene que establecer un conjunto de situaciones que lleven a los niños/as a encontrar las “razones de ser” del número. En la búsqueda de estas razones juega un papel importante las propuestas didácticas planificadas por el profesor/a, que debe tener en cuenta que las matemáticas son un modo de pensar y no siempre que aparecen números es matemática, ni viceversa (Fernández, 2007).

RAZONAMIENTO INDUCTIVO Y PATRONES NUMÉRICOS

¿Qué es razonar? es la acción de dar razones para explicar un hecho.

El razonamiento inductivo es (Castro, Cañadas y Molina, 2010) “un proceso de pensamiento que permite observar conclusiones a partir de premisas previamente establecidas”. Se considera un importante camino de acceso al conocimiento matemático.

Existen diferentes modelos teóricos de razonamiento inductivo, Cañadas y Castro (2004) proponen un modelo teórico de siete pasos basado en aportaciones de Pólya y Hadamard, que exponemos a continuación:

1. Trabajo con casos particulares.
2. Organización de casos particulares.
3. Identificación de patrones.
4. Formulación de conjeturas.
5. Justificación de las conjeturas.
6. Generalización.
7. Demostración.

Las autoras señalan que no todos los pasos son necesarios y no todos tienen el mismo peso. Afirmando que el último, la demostración, es el que pone de manifiesto si hay o no un nuevo conocimiento.

Los patrones ocupan un importante espacio en la educación matemática para la enseñanza de los primeros niveles.

Basándose en estudios de Orton, Palhares y Mamede (2002) relacionan el término patrón con regularidad. Según Araújo, Palhares y Giménez (2008) uno de los fines de la introducción de patrones es conseguir que los niños/as vean la matemática útil, que les da poder para resolver situaciones diarias. Además provoca modelos de repetición que permite el acceso a elementos del pensamiento matemático que no están disponibles a través de cualquier otro medio.

Basándonos en características del pensamiento concreto de los niños/as de 3 a 6 años, concretamos el modelo anterior en los siguientes pasos para el 2º ciclo de Educación infantil:

1. Trabajar con casos concretos, sencillos y observables.
2. Identificar patrones, que ayuden a ver las regularidades.

3. Formular conjeturas.
4. Justificar conjeturas.
5. Demostrar.

La abstracción es el instrumento de la generalización. No es posible construir conocimiento general sin eliminar lo individual, sin abstraer (Cañadas y Castro, 2010). Estas autoras basándose en estudios de Polya, hacen hincapié en la importancia del reconocimiento de patrones para generalizar, ya que a partir de una regularidad observada, se busca un patrón que sea válido para más casos.

El objetivo de este estudio no pretende generalizar resultados sino reflejar los obtenidos y traducirlos en orientaciones a otros maestros.

MATERIAIS E RECURSOS PARA TRABALLAR AS FRACCIÓNIS E OS DECIMAIIS

CARBALLAL HAIRE, Susana
CASAS VAZQUEZ, Esteban
CONDE MIGUÉLEZ, Jorge
DOMÍNGUEZ GARCÍA, Monserrat
PÉREZ ROMERO, Gabino
SALINAS PORTUGAL, M^a Jesús
Universidade de Santiago de Compostela

Dentro da área de Matemáticas no currículo oficial de Educación Primaria, os recursos de diferente tipo teñen un peso específico por tratarse dunha etapa e dun área que requiren da manipulación. Os materiais suxeridos no currículo van dende obxectos cotiás e familiares ata medios non convencionais.

A aprendizaxe de fraccións e números decimais presenta moitas dificultades ao alumnado nesta etapa educativa. Presentamos nesta comunicación algúns dos recursos e materiais que, dende diferentes perspectivas, poden facilitar unha mellor comprensión e aplicación dos mesmos.

Estálisis con GeoGebra

GESTEIRA LOSADA, Esperanza

CPI Manuel Suárez Marquier, O Rosal

LARROSA CAÑESTRO, Ignacio

IES Rafael Dieste, A Coruña

ZACARÍAS MACEIRAS, Fernando

IES As Mariñas, Betanzos

PEREIRO CARBAJO, Débora

IES de Rodeira, Cangas

RODRÍGUEZ SOMOZA, Aia

CPI de Mondariz

DE LA TORRE FERNÁNDEZ, Enrique

Fac. de CC. da Educación, UdC

(GRUPO XeoDin)

Os que traballamos co programa GeoGebra vémonos sorprendidos continuamente polas ferramentas, novidades e, en fin, novas posibilidades de traballo que van aparecendo coas moi frecuentísimas actualizacións. Especialmente nos últimos dous anos a evolución foi espectacular, coa versión 4.4 na recámara, coas versións para tablets (GeoGebra Tablet Apps), coa ferramenta para Crome (GeoGebra Chrome App),...

Coa aparición da xa vella versión 4 e coa actual 4.2 apareceron un lote de novas posibilidades:

- Novas ferramentas (puntos en obxectos, lapis, cálculo de probabilidades, inspección de función, caixa de entrada,...), de indiscutible utilidade.
- Novos comandos (en especial para estatística e probabilidade)
- Ampliación das expresións admisibles na liña de entrada (inecuacións,...)
- Segunda xanela gráfica (coa posibilidade de vela como xanela independente ou integrada, ao igual que a folla de cálculo, a xanela de cálculo de probabilidades, a xanela de álgebra,...).
- Xanela CAS, de cálculo simbólico.
- Cinco disposicións iniciais para comezar a traballar.
- Excelente interface para a introdución de textos,...
- GeoGebraTube, almacén aberto de construcións para uso e aproveitamento xeral.

Grazas aos creadores, desenvolvedores, colaboradores, a un sen fin de suxestións e achegas que van chegando ás wikis e foros existentes, e a o seu uso por millóns de usuarios de todo o mundo, GeoGebra xa se converteu nun estándar na ensinanza das matemáticas, polo que compre buscar o xeito de integralo nas clases de cada quen e de coñecer as súas prestacións, ao nivel que cada persoa considere oportuno.

Na procura de facilitar esta tarefa se ofrece e comparte o material deste obradoiro, no desexo de que cumpra coas expectativas que se depositen nel.

O nome elixido, “EstáLisis con GeoGebra”, ven a suxerir a multidisciplinaridade que nos ofrece a aplicación: Nacida como a simbiose de “**Geometría con Álgebra**”, agora tamén se lle pode engadir a de “**Estadística con Análisis**”. E non se queda aí...

OBXECTIVOS XERAIS

En base ao sinalado anteriormente, contémpanse os seguintes obxectivos xerais:

- Propiciar o coñecemento e utilización de GeoGebra para o desenvolvemento de diversos temas na ESO e no bacharelato.
- Coñecer as rutinas básicas de GeoGebra.
- Elaborar figuras para o seu uso nas explicacións do profesorado e/ou para a súa utilización ou construción directa polo alumnado.
- Facilitar recursos didácticos xa elaborados susceptibles de utilización directa na aula.
- Considerar a utilidade de crear e utilizar arquivos html integrables en páxinas web, así como código para integrar directamente en Moodle.
- Compartir no Ámbito GeoGebra Tube os materiais que cada quen vaia elaborando para beneficio de tódalas persoas que desexen usalos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Concretando na práctica específica da tarefa docente, téntase:


- Empregar metodoloxías que integren as TICs nas aulas.
- Planificar accións de traballo colaborador cos estudantes de Educación Secundaria.
- Coñecer e empregar ferramentas de traballo con GeoGebra, un programas de xeometría dinámica, pero tamén de cálculo simbólico, estatística e probabilidade,...:
 - Coñecer a ferramenta Calculadora de Probabilidades.
 - Experimentar con varias construcións de probabilidade e estatística xa deseñadas.
 - Construír paso a paso, analizar, e resolver se é o caso, un problema xeométrico con probabilidades.
 - Usar a utilidade de contraste de hipóteses que proporciona GeoGebra.
- Coñecer e elaborar materiais TIC para as matemáticas na Educación Secundaria.
- Fomentar a capacidade de desenvolver contidos do currículo de matemáticas da Educación Secundaria mediante recursos didácticos interactivos.

DESENVOLVEMENTO


Despois de facer unha rápida descrición do programa, as súas diferentes xanelas, menús, ferramentas, barra de entrada, etcétera, o obradoiro comezará coa descrición e utilización da ferramenta Calculadora de Probabilidades.

- A continuación se manipularan varias figuras xa elaboradas:

- Funcións de densidade das distribucións normais $N(0,1)$ e $N(\mu,\sigma)$. Faise patente a obtención da probabilidade como o valor da área encerrada pola curva.
 - Obtención dos intervalos característicos en varios supostos.
 - Creación da función de densidade da normal asociada á Binomial $B(n,p)$. Estudo da validez da aproximación coas variacións de n e p .
 - Ilustración gráfica do teorema central do límite.
 - Práctica elemental de estatística descritiva para 4º ESO.
- Unha vez rematado o “paseo” polas figuras descritas, afrontarase unha construción “paso a paso”, partindo do seguinte problema xeométrico:



“Nun cadrado selecciónanse ao azar dous puntos P e Q, unindo mediante segmentos P con A e Q con B, sendo A e B dous vértices fixos do cadrado, nos extremos dun mesmo lado. Cal é a probabilidade de que ambos os dous segmentos se intersequen?”



- Para esta construción se usaran varias ferramentas de GeoGebra, comandos (en especial para crear e usar listas), a folla de cálculo,...
- Este caso, constitúe un dos innumerables exemplos nos que, mediante unha construción, a experimentación e a observación, pode desprenderse un resultado rigoroso e súa propia demostración.
- Finalmente farase un paseo polo Aula Virtual na que figuran os materiais descritos nos puntos anteriores e se afrontará unha das últimas novidades incluídas na ferramenta Calculadora de Probabilidades: o contraste de hipóteses.

REFERENCIAS

- GeoGebra: <http://www.geogebra.org>
- XeoDin: <http://www.agapemacoruna.com/xeodin>
- Larrosa Cañestro, Ignacio: <http://www.xente.mundo-r.com/ilarrosa/GeoGebra/>

FACENDO XEOMETRÍA CON PAPEL: PENTÁGONO E PIRÁMIDE PENTAGONAL

PEDREIRA MENGOTTI, Alicia

OTERO SUÁREZ, Teresa
IES Antón Fráguas, Santiago

GONZÁLEZ AGUIAR, Consuelo
Colexio Peleteiro, Santiago

A papiroflexia ou origami é un gran recurso co que podemos contar na aula os profesores de matemáticas, xa que é una ferramenta pedagóxica que nos permite traballar contidos conceptuais e procedimentais e tamén desenvolver aspectos como percepción espacial, lateralidade e habilidades motoras.

Neste obradoiro facendo uso da papiroflexia realizaremos un pentágono regular (podémolo usar como pousavasos ou tamén como pendente)

Tamén construiremos -facendo una pequena variación no mesmo módulo- unha pirámide pentagonal.

Con este módulo tamén se constrúe un dodecaedro con trinta pezas e indicaremos a forma de montalo.

Analizaremos e estudiaremos os seus elementos xeométricos e faremos una ficha que nos permitirá facer uso da papiroflexia como un método para o estudo.

Con este tipo de traballo motivamos aos alumnos a ser creativos e a elaborar os seus propios modelos nos que poder investigar a relación coa xeometría plana e espacial.

Obxectivos da aprendizaxe:

- Construir figuras xeométricas
- Analizar e estudar os elementos xeométricos facendo uso do mapa de cicatrices
- Desenvolver a visión espacial
- Conseguir una actitude crítica ante os elementos xeométricos
- Adquirir o hábito de abstraer os conceptos fundamentais a partir de exemplos concretos.


MAPA DE CICATRICES

Os mapas de cicatrices ou patróns de doblado son a mellor maneira de entender una figura feita con papel, pero en xeral son moi difíciles de colapsar cando o facemos cunha folla soa de papel, en concreto o dodecaedro regular, que está baseado no pentágono regular é moi complexo, Kazuo Haga, profesor da universidade de Tsukuba realizou un excelente traballo para superar as dificultades que ten este problema.

A filosofía do profesor Haga sobre a construción dos sólidos platónicos resúmese nos seguintes puntos:

1. Elaboración de figuras xeométricas con follas únicas de papel sen adornos
2. Facer uso unicamente das mans
3. Non se permite cortar nin rasgar: debe ser posible desdoblar o papel ata a súa forma de partida
4. As figuras resultantes deben ser firmes e estables
5. As figuras resultantes deben estar ben rematadas e ser elegantes.

O profesor Haga ten entre outros os **cp** (mapas de cicatrices) dos sólidos platónicos o máis complexo deles é sen dúbida o dodecaedro



Debido a súa complexidade recurrimos á papiroflexia modular para a construción do dodecaedro.

SOBRE GALICIA INDUSTRIAL

Freire Campo, Paz
Torreiro Anta, Begoña
Martínez, M^a José
Buño Fernández, Belén

*IES Ramón Menéndez Pidal, IES Agra do Orzán e
IES Salvador de Madariaga de A Coruña.*

Un grupo de profesoras de Tecnoloxía recordamos a Exposición da Fundación Barrié “Galicia Industrial” como unha oportunidade para o noso alumnado, como unha fonte de posibilidades de traballo, capaz de despertar curiosidade e interese pola tecnoloxía no noso entorno. Interese pola tecnoloxía cotián, polas súas raíces e pola súa evolución presente e futura.

Esta proposta de traballo foi seleccionada por educaBarrié para ser desenvolta no pasado curso 2012-13, polo que contamos con valiosos recursos da Fundación Barrié, ademais da información relativa á exposición, imaxes, vídeos, etc.




Os obxectivos iniciais do proxecto foron:

- Investigar a tecnoloxía que nos rodea có noso alumnado, recoller información, elaborala e divulgala en diferentes entornos.
- Crear actividades e /ou materiais relacionados coa tecnoloxía que poidan ser empregadas por outros-as docentes.
- Iniciar un grupo de intercambio de propostas didácticas.
- Aumentar o recoñecemento sobre a tecnoloxía e sobre a formación tecnolóxica como necesidade na nosa vida presente e futura.
- Fomentar as vocacións científico tecnolóxicas.
- Poñer en valor a riqueza tecnolóxica desenvolta en Galicia, fronte ao alumnado e a todo o entorno.

Con ese material iniciamos a montaxe dunha **exposición itinerante** para que o alumnado (dos nosos centros inicialmente, e o alumnado doutros centros de Galicia no futuro) a poida ter de referente na elaboración dos seus traballos (nalgunhas das actividades propostas neste proxecto).

Como docentes con experiencia, indagamos nas posibilidades didácticas deste tema e o puxemos en práctica desde as nosas aulas. Actividades froito deste traballo foron os obradoiros de ideas e inventos, xogos de preguntas e de conecta, trivial científico-tecnolóxico, encrucillados, puzzles con preguntas, os traballos de investigación, os mapas da cidade e de Galicia...



Unha das primeiras canles de difusión dos traballos foi O “Día de la Ciencia en la Calle” o pasado día 4 de maio en A Coruña (organizado pola Asociación de Amigos de la Casa de las Ciencias), onde o alumnado foi protagonista do relato das súas propostas e onde moitos-as visitantes puideron ver a exposición.



Paralelamente iniciamos a publicación de materiais, propostas de actividades, imaxes dos car-teis, traballos de alumn@s na páxina web do proxecto “ Sobre Galicia Industrial” (<https://sites.google.com/site/galiciaindustrial/>)

O proxecto permitiu crear redes de intercambio didáctico, motivar ao alumnado e a profesorado nun proxecto común. O alumnado ten ganas de continuar, o profesorado novas ideas de cómo continuar.

O proxecto podería, nun futuro inmediato, moi doadamente, incorporar a outros centros (doutras localidades ou de diferentes niveis educativos...) e ampliar o abano de actividades, xa que o tema de traballo Sobre Galicia Industrial está só comezado.



INDICE DE AUTORES

A	<i>Páx</i>	E	<i>Páx</i>
Alonso Lozano, Rosa.....	159	Eixo Blanco, Xosé.....	161
Álvarez Lires, F. J.	107	Escudero Cid, María	121
Álvarez Lires, F. Javier.....	105, 109, 153	Escudero Cid, Ricardo.....	121
Álvarez Lires, María M.	49, 105, 107 109		
Alvarez Soaje, Miguel.....	37	F	<i>Páx</i>
Arenas, Pedro.....	29	Facal Díaz, José Manuel.....	125, 127
Arias Correa, A.	105, 107	Fernández Fernández, Beatriz	97, 113
Armesto Ramón, Constantino.....	111	Fernández Fontenla, Iria	165
Arxibai Queiruga, Cibrán Manuel	161	Fernández García, M. Isabel.....	97, 113
Aznar Cuadrado, Virginia	41, 45, 55	Freire Campo, Paz	31, 185
		Freire Pais, X. Anxo	91
B	<i>Páx</i>	G	<i>Páx</i>
Bas López, Santiago.....	83	Gallástegui Otero, Juan R.....	141
Bascoy Casas, José Angel	47	García Alonso, Javier	117
Bermejo Patiño, Manuel R.	97, 113, 115	García Alves, L.	67
Blanco Anaya, Paloma.....	53, 65, 87	García Rodríguez, Elena	167
Blanco, Jesús	101	García Seijo, M. Inés	113
Borges, Francisco	39	García Vizcaíno, Julia	55
Buño Fernández, Belén.....	31, 185	García-Rodeja Gayoso, Isabel	53, 65, 87
		Gesteira Losada, Esperanza.....	179
C	<i>Páx</i>	Giadás Álvarez, Luis Antonio	129
Cachafeiro Chamosa, Luis Carlos	137	Gómez Fórneas, Esther	97, 113
Caeiro Rodríguez, Manuel	117	González Aguiar, Consuelo.....	183
Carbajal Villaverde, Roi	77	González González, Rafael	47
Carballal Haire, Susana	177	González Noya, Ana M ^a	97
Casas Vazquez, Esteban.....	177	González Riopedre, Gustavo	97
Casteleiro Núñez, Verónica	87	González Sotelo, Lourdes.....	159
Castiñeira García, M ^a Luisa.....	157	González-Noya, Ana M.	113, 115
Chouza Fernández, Pura.....	49, 105, 153	Gregorio Montes, Antonio.....	131, 133
Cid Fernández, Manuel.....	157	Guntiñas Rodríguez, María Elena	57
Cid Manzano, Carmen	121	Guntiñas Rodríguez, Rosa María	57
Cid Manzano, R.	99	Gutiérrez Maroto, Jorge	135
Coelho da Silva, José Luís	145		
Conde Miguélez, Jorge.....	177	H	<i>Páx</i>
Crujeiras Pérez, Beatriz.....	89	Hermida Rodríguez, M ^a Isabel	161
		J	<i>Páx</i>
D	<i>Páx</i>	Jiménez Aleixandre, María Pilar.....	89
Dapía Conde, María D.....	121		
de la Torre Fernández, Enrique.....	179		
de Paz Villasenín, Carlos.....	157		
de Toro Cacharrón, Xacobo.....	119, 135, 155		
Díaz Rodríguez, Inés	169		
Domínguez García, Monserrat	177		
Duarte Sánchez, Ana M.	53		

L	<i>Páx</i>	Q	<i>Páx</i>
Larrosa Cañestro, Ignacio.....	179	Quintela Sabarís, Celestino.....	77
Lema Rodríguez, Tamara.....	129	Quireza Ramos, M ^a Carmen.....	161
Liste Gómez, Socorro.....	137		
Liste López, Socorro.....	147	R	<i>Páx</i>
Lopes, Cristiana.....	39	Ramos López, M ^a Luz.....	61
Lorenzo Abalde, Xabier.....	61	Rañal Loureiro, Francisco.....	95
Lourido Fernández, I.....	99	Ripoll Mira, Enric.....	161
Lourido Fernández, Isabel.....	87	Rivas Menéndez, Antonio.....	137
		Rodríguez López, Rosana.....	167
M	<i>Páx</i>	Rodríguez Mayo, Francisco Manuel.....	149
Maceiras Silvar, Javier.....	169	Rodríguez Silva, Laura.....	97
Maneiro, Marcelino.....	113, 115	Rodríguez Somoza, Aia.....	179
Manso Vázquez, Mario.....	117	Rodríguez Vivero, Dolores.....	171
Martínez, M ^a José.....	31, 185	Rodríguez-Moldes Rey, Covadonga.....	169
Mira Frutuoso, Carmen Victoria.....	45	Rodríguez, Salvador.....	101
Moreira Coello, Víctor.....	65	Romero, Carmen.....	113
		Romero, María J.....	113
N	<i>Páx</i>		
Novo Platas, Ánxela.....	137	S	<i>Páx</i>
Núñez Arias, Luis.....	171	Sacau Fontenla, Xosé Luis.....	161
		Salgado Somoza, María.....	173
O	<i>Páx</i>	Salinas Portugal, M ^a Jesús.....	173, 177
Otero Gutierrez, José.....	141, 143	Santiago Caamaño, Javier.....	151
Otero Suárez, Teresa.....	183	Serrallé Marzoa, José Francisco.....	49, 107, 153
		Serrano Pérez, Miguel.....	77
P	<i>Páx</i>	Soto, Ramón.....	101
Parada Encisa, J.M.....	67		
Pedreira Mengotti, Alicia.....	183	T	<i>Páx</i>
Pedrido, Rosa.....	97, 113	Torreiro Anta, Begoña.....	31, 185
Pereiro Carbajo, Débora.....	179		
Pérez Maceira, Jorge José.....	69	V	<i>Páx</i>
Perez Pintos, Rodrigo.....	73	V. Dorrío, Benito.....	101
Pérez Rey, Marta.....	169	Vaquerizo Fernández, L.....	157
Pérez Rodríguez, Roberto.....	117	Varela Losada, Mercedes.....	109, 153
Pérez Rodríguez, Uxío.....	49, 107	Varela, Eduardo J.....	101
Pérez Romero, Gabino.....	177	Varela, M.....	107
Pesqueira Portas, R.....	67	Vázquez Aguiar, María Trinidad.....	79
Pinheiro, Avelino.....	145	Vázquez Martínez, Susana.....	155
Pintos Barral, Xoana.....	147	Veiga Alonso, Xosé Dositeo.....	81, 85
Piñeiro, Manuel M.....	101	Vijande, Javier.....	101
Piñón Fernández, Andrés.....	161	Viñas Diéguez, J.....	157
Poças, Maria Emília.....	145		
Polo Jiménez, Marta.....	109	Z	<i>Páx</i>
Pombo Rego, Xurxo.....	151	Zacarias Maceiras, Fernando.....	179
Pons Fernández de Córdoba, Ana.....	157		
Pose Reino, Adelino.....	161		
Puig, Blanca.....	41, 69		

